

Manuel M<sup>a</sup> Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN relativa o deteriorado estado que ten o mobiliario urbano do paseo do Areal .

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dispor dunha praia no centro da nosa vila é un privilexio que debemos conservar e manter.

É evidente que o mantemento e conservación do noso patrimonio non é unha das características do actual equipo de goberno.

Un dos elementos onde se aprecia dita deixadez son os bancos e o resto do mobiliario urbano, así como a rotura ou ausencia de lousas nas aceiras de dito paseo. Mobiliario de ferro fundido e madeira que en case a súa totalidade presentan evidentes signos de deterioro provocados polas inclemencias meteorolóxicas e agravados pola falta de mantemento. Nos bancos oxido e desconchados na pintura, papeleiras rotas ou deterioradas, así como ausencia das mesmas.


A Pobra do Caramiñal

2  
Ditos defectos provocan manchas e roturas na roupa dos viandantes que queiran facer uso dos mesmos, non dando ademais a mellor imaxen do noso pobo.

Por elo o Partido Popular , propón o Pleno a adopción do seguinte acordo:

O Concello acometera as actuacións necesarias e precisas para devolver o estado axeitado os bancos e o resto do mobiliario urbano, así como as aceiras do paseo do Areal.

Pobra a 13 de Abril de 2018

  
Manuel Mª Durán Guillán  
Concelleiro do Grupo Municipal do PP  
**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA  
POBRA DO CARAMIÑAL**